

ACTIVIDADES CULTURAIS DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017 EN VIGO

CONCELLO DE VIGO – FUNDACIÓN CARLOS CASARES

ACTO DE PRESENTACIÓN OFICIAL Á PRENSA – LUNS 3 DE ABRIL DE 2017

Persoas asistentes por parte da Fundación Carlos Casares.- Asistirán por parte da entidade Fundación Carlos Casares o seu presidente, Xavier Casares Mouríño; e mais o secretario da entidade, Gustavo Adolfo Garrido García.

ACTIVIDADES CULTURAIS DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017 NO CONCELLO DE VIGO¹

Grazas á colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Carlos Casares, e debido á importancia e relevancia da cidade olívica no labor cultural e cívico do autor galego, durante o ano 2017 van levarse a cabo unha serie de actividades na cidade, entre as cales destacamos:

1) **MESA REDONDA “A MULLER NA OBRA DE CARLOS CASARES”**

Data: 4 de maio de 2017 ás 19 horas

Lugar: Casa Galega da Cultura

Descrición: Mesa redonda coa participación de Rexina Vega (moderadora), Iolanda Galanes, Camiño Noia, Inma López Silva e Amparo Solla, onde se tratará a figura da muller na obra de Carlos Casares ao longo de toda a súa traxectoria literaria.

2) **EXPOSICIÓN “O PRINCIPIÑO AO REDOR DO MUNDO. A COLECCIÓN DE CARLOS CASARES”**

Datas: Do 8 ao 28 de maio de 2017

Lugar: Casa Galega da Cultura

Inauguración: 8 de maio (hora por determinar)

Descrición: Froito do afán coleccionista de Carlos Casares, que foi tradutor d’*O Principiño* ao galego, esta mostra recolle algo máis de 100 traducións da obra universal de Antoine de Saint-Exupéry en máis de 60 idiomas de todo o mundo, ordenados por familias lingüísticas, e entre as que se atopan auténticas curiosidades. Esta exposición inclúe tamén paneis e material complementario e informativo sobre o autor da obra e sobre Carlos Casares e o seu proceso de tradución.

¹ **NOTA:** A Fundación Carlos Casares non descarta a realización de máis actividades no Concello de Vigo en colaboración co Concello e con outras entidades, asociacións e centros locais, como a Escola Oficial de Idiomas, a Orquestra Clásica de Vigo, etc.

3) CAFÉ VOLTAIRE - O SABOR DAS LETRAS: “CARLOS CASARES E A GASTRONOMÍA”

Data: 10 de maio de 2017 ás 20 horas

Lugar: Restaurante do Museo de Arte Contemporáneo de Vigo (MARCO)

Descrición: Unha mestura entre gastronomía e literatura. Unha viaxe polo universo literario de Casares a través da alimentación, dos elementos gastronómicos da súa obra. Unha cita especial e ineludible, nunha velada chea de homenaxes e degustacións. Esta actividade, que a Fundación Carlos Casares desenvolveu con diversos temas entre os anos 2010 e 2014, combina de forma novidosa o formato de conferencia literaria e a degustación de bocados elaborados polo chef Miguel Oliveira, onde os sentidos se mesturan coa paixón pola literatura.

4) FALADOIRO SOBRE CARLOS CASARES NA BIBLIOTECA JUAN COMPAÑEL

Data: 20 de maio de 2017 ás 12.30 horas

Lugar: Biblioteca Juan Compañel (Rúa Joaquín Yáñez, 6)

Descrición: Faladoiro para cativos e maiores sobre a figura de Carlos Casares, a súa obra e a súa concepción cívica e tolerante da sociedade, a través de contos por exemplo *A galiña azul*.

5) EXPOSICIÓN “CARLOS CASARES E A FOTOGRAFÍA”

Datas: Do 31 de xullo ao 3 de setembro de 2017

Lugar: Casa Galega da Cultura

Inauguración: data e hora por determinar

Descrición: Medio cento de instantáneas que recollen a paixón e a obra fotográfica de Casares, así como obxectos que colleccionaba sobre o mesmo tema: cámaras fotográficas especiais, libros e manuais, artigos nos que fala da súa afección polo mundo da imaxe, etc. Comisariado por Vítor Vaqueiro, a mostra tenta poñer ao público en contacto cunha faceta pouco coñecida do escritor e, en certa medida, contribúe a deitar luz sobre as relación entre as distintas actividades expresivas da personalidade humana.

6) EXPOSICIÓN “OS MUNDOS DE CARLOS CASARES”

Datas: Do 18 de setembro ao 29 de outubro de 2017

Lugar: Casa das Artes

Inauguración: data e hora por determinar

Descrición: Gran exposición sobre a figura do escritor ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas no ano 2017. Unha mostra de grande calibre, con máis de 300 pezas repartidas en 5 etapas vitais do escritor, coa presenza de obxectos e documentos nunca antes amosados ao público e que permiten configurar a miríade dun Casares polifacético, dun galeguista que loitou polo país en distintos ámbitos, sempre baixo o diálogo e a tolerancia.